



UNIDADE 1

O galego e ti

Saúde o seu alumnado e preséntese: **Ola, chámome...**

Na primeira actividade da unidade, os seus alumnos e alumnas van ter a oportunidade de aprender diferentes maneiras de presentarse. Polo momento, céntrese brevemente, apoiándose na fotografía da portada, na situación na que se atopan e nos elementos novos para eles e mais para elas. Escriba no encerado as palabras: **profesor/a**, **estudantes**, **aula** e **clase de galego**, para que definan entre todos e todas o significado de cada palabra.

Presente, por último, os obxectivos da unidade e a tarefa final: coñecer os compañeiros e compañeiras da clase e facerlles recomendacións para aprender mellor o galego.



1. ESTUDANTES DE GALEGO

Entender e producir textos breves de identificación persoal.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Coa primeira actividade do libro, proporciónaselles aos estudantes a oportunidade, a partir da observación de cinco modelos, de expresar de diferentes maneiras información referida a eles mesmos: nome (**son/chámome/o meu nome é...**), nacionalidade/procedencia (**son...**) e profesión (**son/traballo...**).

Poña especial atención en que os seus estudantes identifiquen e manexen as “pezas” lingüísticas que lles permitirán expresar a información descrita máis arriba. Polo momento, non é necesario que se deteña en explicacións detalladas de paradigmas verbais, flexión pronominal etc.

No caso da contracción da preposición **en** + artigo indeterminado, pode ser necesaria unha breve explicación se os seus estudantes precisan empregar nas súas producións a forma **nun** (que non aparece nos modelos).

ANTES DE EMPEZAR

Escriba no encerado ou proxecte en transparencia as seguintes palabras:

- | | |
|---------------------------|-----------------------|
| 1. profesora | 6. estudante |
| 2. galega | 7. palestino |
| 3. empresa de informática | 8. madrileño |
| 4. médico | 9. brasileira |
| 5. irlandesa | 10. axencia de viaxes |

Pídalles aos seus alumnos e alumnas que as separen en dous grupos: as que indican nacionalidade e as que están relacionadas co traballo. Na fase de corrección, pode pedirles que, con respecto ao segundo grupo, indiquen cales das palabras son nomes de profesións e cales se refiren a lugares de traballo.

Solución

Nacionalidade: 2, 5, 7, 8, 9 Traballo: 1, 3, 4, 6, 10

PROCEDEMENTOS

A. Presente as persoas das fichas como estudantes de galego e anime os seus alumnos e alumnas a ler as diferentes fichas. Suxíralles que anoten nos seus cadernos ou que marquen de diferentes maneiras nas fichas que expresións serven para expresar o nome, a nacionalidade e a profesión. Se é necesario aclarar estas tres categorías, pode empregar información referida a vostede.

Logo, pídalles que completen a ficha que aparece baleira coa súa propia información. Supervise o traballo dos seus

alumnos e alumnas e axúdelles no necesario. Se dispoñen de dicionarios, permítalles empregalos.

B. Anímeos agora a que cada un se presente ao resto dos compañeiros e compañeiras, lendo en voz alta a información que anotaron.

2. TEST ORAL

Escoitar unha entrevista realizada a un estudante e completar a súa ficha. Facerlle un test a un compañeiro ou compañeira. Presentarlle o compañeiro ou a compañeira ao resto da clase.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Se o seu alumnado se sente inseguro polo feito de escoitar unha audición en galego na segunda actividade do curso, pode ofrecerlle unha copia da transcripción ou proxectala en transparencia, xa que os obxectivos lingüísticos cumpríranse igualmente.

PROCEDEMENTOS

A. Presente a Teresa, unha estudante de galego. Explíquelles aos seus alumnos e alumnas que, para determinar o seu nivel de galego, lle fixeron unha entrevista previa. Repase con eles os puntos do test que deben completar e asegúrese de que non quedan dúbidas.

Advirta a presenza da perífrase de intención **pensar** + infinitivo na terceira pregunta. Comente brevemente o seu significado antes de proceder á audición.

B. Pregúntelles aos seus alumnos e alumnas se puideron apuntar toda a información de Teresa ou se precisan escoitar a gravación unha segunda vez. Se é así, pode poñela de novo deténdoa despois de cada resposta e realizar ao mesmo tempo a posta en común. Tamén pode ser útil que comparen as súas respostas en parellas antes de volver escoitar a audición.

Solución

Nome: Teresa

País: Polonia

Tempo que pensa estar en Galicia: dous meses, pero se encontra traballo, queda máis tempo.

Profesión: secretaria

Outros idiomas: inglés, alemán, español e italiano

Por que estuda galego? Porque quere traballar nunha empresa galega e vivir en Galicia.

Canto tempo hai que estuda galego? Seis meses

Cousas que lle gusta facer na aula: ler textos e xogar

Dificultades que ten co galego: cústalle moito pronunciar o xe e algúns verbos.

C. Explíquelles aos estudantes que, a continuación, serán eles os que pregunten e respondan un test de similares características. Divídaos en parellas e déalles uns minutos para que se entrevisten.

D. Anímeos, por último, a lle presentar o seu compañeiro

ou compañeira ao resto da clase seguindo o modelo do libro. Limite o seu papel ao de mero organizador, xa que nesta ocasión o intercambio de información persoal é tanto un obxectivo lingüístico coma de integración social.

3. GALICIA EN IMAXES

Asociar unha serie de imaxes de diferentes lugares de Galicia co seu nome.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Esta actividade ten unha dobre función: por un lado, proporcionar un achegamento visual a certos lugares de interese cultural ou social e, por outro, darlle a oportunidade ao estudantado de aprender e practicar os números e as letras en galego.

Se os seus estudantes non dispoñen de dicionarios de galego, leve vostede algúns á clase. Tamén pode resultar interesante dispor dun mapa de Galicia para situar os lugares que aparecen na actividade.

PROCEDEMENTOS

Pídalles aos seus alumnos e alumnas que formen parellas e que traten de relacionar cada unha das imaxes co seu nome correspondente. Anímeos a empregar o dicionario, se o precisan.

Tanto para poñer en común as solucións como para a mesma realización da actividade, faga que os seus alumnos e alumnas se fixen na mostra de lingua proporcionada. Nela verán que se trata de emparellar a letra de cada imaxe co número correspondente ao nome. Indíquelles que na páxina 13 teñen os nomes das letras e dos números en galego. Pasee pola clase e ofrézalles a axuda que poidan necesitar.

Despois duns minutos, pídlle a cada unha das parellas que diga unha das solucións.

Solución

A. 3	F. 17
B. 16	G. 13
C. 5	H. 4
D. 7	I. 11
E. 9	J. 18

Se fose necesario, aclare calquera dúbida que os seus alumnos e alumnas poidan ter sobre as letras e os números en galego.

E DESPOIS

Leve á clase imaxes dos restantes lugares que aparecen na actividade para que os seus alumnos e alumnas continúen practicando e coñecendo máis sitios. **Google** ou **flickr.com** son dúas boas páxinas web onde atopar material gráfico.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 106, exercicio 2.



4. OS NOVOS GALEGOS

Buscar aspectos en común con tres estranxeiros ou estranxeiras que viven en Galicia. Reflexionar sobre o presente. Falar de problemas co galego. Dar consellos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

A través de tres textos sobre tres estranxeiros que viven en Galicia, os seus estudantes poderán repasar a conjugación do presente de indicativo dos verbos regulares e dalgúns irregulares. Tamén poderán reflexionar sobre as expresións empregadas para expresar dificultades e para aconsellar.

ANTES DE EMPEZAR

Lea os nomes dos protagonistas dos tres textos e faga referencia ao título da actividade. A continuación, pregunte: **Porque Hans, Fabián e Nadia son “novos galegos”? Pensades que son exemplos significativos da inmigración en Galicia? De que nacionalidades credes que son os inmigrantes en Galicia? E nos vossos países?**

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos e alumnas que lean os textos sobre a vida que levan actualmente Hanz, Fabián e Nadia en Galicia e pregúntelles: **Tendes algo en común con estas persoas?** Pídalles que o comenten entre eles. Poden ter en conta o modelo de lingua proporcionado.

B. Pídalles agora que completen as catro frases propostas dende a súa experiencia como aprendices de galego.

C. Indíquelle agora ao seu alumnado que lea os cinco consellos proporcionados e que, en parellas, os asignen ás persoas dos textos do punto A, tendo en conta os problemas que mencionaron con respecto ao galego. Advírtalles que non hai unha única resposta e que algún consello lle pode ser útil a máis dun.

D. Remita de novo os seus estudantes aos textos do punto A e pídalles que se fixen nos verbos destacados en grosa. Pregúntelles se saben como son eses verbos no infinitivo e anímeos a que os escriban nos seus cadernos. Faga unha posta en común e vaia copiando no encerado os verbos que lle digan os seus estudantes para, despois, dividilos en regulares e irregulares.

Solución

<i>Vive: vivir</i>	<i>Comeza: comezar</i>
<i>Pensa: pensar</i>	<i>Vai: ir</i>
<i>É: ser</i>	<i>Pasea: pasear</i>
<i>Viaxa: viaxar</i>	<i>Practica: practicar</i>
<i>Ten: ter</i>	<i>Descubro: descubrir</i>
<i>Confundo: confundir</i>	<i>Falo: falar</i>
<i>Estuda: estudar</i>	<i>Ensina: ensinar</i>
<i>Quere: querer</i>	<i>Xanta: xantar</i>

O galego e ti

*Traballa: traballar
Entende: entender
Vexo: ver*

*Leo: ler
Necesito: necesitar
Sabe: saber*

E. Repase cos seus alumnos e alumnas os paradigmas do presente de indicativo dos verbos regulares **falar, comer e vivir**. A continuación, remítaos ao encerado e pídalle a un alumno ou alumna que subliñe os infinitivos que funcionan como algún destes verbos.

Solución

Regulares: vivir, pensar, viaxar, confundir, estudar, querer, comezar, pasear, practicar, descubrir, falar, ensinar, xantar, traballar, entender, necesitar.

Irregulares: ser, ter, ir, ver, ler, saber.

E DESPOIS

Pode propoñerlles aos seus estudantes que, en parellas, se entrevisten mutuamente para redactar coa información resultante un texto similar aos do punto A.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 106, exercicios 1 e 5.
Páxina 107, exercicio 7.

5. LETRAS E SONS

Clasificar unha serie de palabras segundo os sons que conteñen.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade, os seus estudantes van ter que clasificar algunhas palabras en función de se conteñen vogais abertas ou pechadas (grupo 1) ou unha serie de sons consonánticos (grupo 2). Poña especial énfase na distinción do “e” e do “o” abertos ou pechados e mais do ene alveolar e do ene velar para que os seus alumnos e alumnas sexan capaces de recoñecelos. Antes da audición, lea vostede en voz alta os exemplos para cada caso propostos no libro remarcando a pronunciación.

PROCEDEMENTOS

Dígalle ao seu alumnado que vai escoitar, por grupos, unha serie de palabras que conteñen algúns sons característicos do galego. Nas do grupo 1, terán que anotar nos seus cadernos (poden copiar o cadro modelo do libro) cales conteñen o pechado, cales o aberto, cales e pechado e cales e aberto. No grupo dous, trátase de recoñecer os seguintes sons consonánticos: /ʃ/, /ks/, /n/.

Pase a gravación máis dunha vez, se fose necesario, e deixe que os estudantes comparen as súas clasificacións.

Solución

Grupo 1

*/o/: bolo, polo
/ɔ/: colo, morte, forte, gorxa, porta
/e/: cedo, neno, pega, medo
/ɛ/: cego, pedra, terra*

Grupo 2

*/ʃ/: peixe, paxaro, xamón, xadrez
/ks/: éxito, aproximar, exterior
/n/: caniza, pano, nación
/ŋ/: un, ningún, ningunha, algunha*

Aproveite a posta en común como práctica dos sons, animando os seus estudantes a pronunciar as palabras, axustándose ao máximo ao modelo que acaban de escoitar.

Na sección “Máis gramática” (páxina 130), atopará unha pequena epígrafe dedicada á pronunciación e a certas grafías galegas.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 106, exercicio 3.



6. QUE COUSAS CHE INTERESAN MÁIS DE GALICIA?

Expresar interese por aspectos da vida en Galicia.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade, os seus estudantes teñen que empregar o verbo **interesar** para falar dos seus intereses en relación con Galicia. Asegúrese de que entenden o seu uso antes de levar a cabo a actividade. Para iso, poden consultar a epígrafe “Expresar intereses”, na páxina de gramática.

ANTES DE EMPEZAR

Móstrelles aos seus estudantes as fotos da páxina 14 (que corresponden ao Entroido de Laza, a unha indicación do Camiño de Santiago e a unha ración de polbo á feira) e explíquelles que están relacionadas con aspectos da vida en Galicia. Pregúntelles: **Interésanvos estas cousas?**

Que outras cousas vos interesan? Comprobe con eles e mais con elas se o que din aparece na lista do punto A.

PROCEDEMENTOS

A. Remita os seus estudantes ao modelo de lingua e faga referencia ao uso dos pronomes e á forma singular ou plural do verbo **interesar**. Pode ser un bo momento para reflexionar sobre estas dúas particularidades. Sobre a necesidade de empregar a forma do singular ou do plural, os seus alumnos e alumnas poden relacionala co uso do verbo **custar** que xa viron na actividade 4. En relación coa posición do pronome, anime os seus alumnos e alumnas a facer hipóteses a partir da mostra de lingua e, despois, consulten os exemplos que aparecen na páxina de gramática (páxina 13). Déalles un par de minutos para preparar unha ou dúas frases sobre as cousas de Galicia que lles interesan e despois divídaos

en parellas ou en pequenos grupos para que comenten os seus intereses.

B. Pídalles agora que, individualmente, informen a clase dos intereses do compañeiro. Remítaos ao modelo de lingua e chame a atención sobre o cambio de pronome (**lle**).

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 106, exercicio 6.

7. A FESTA

Extraer datos persoais dunha serie de conversas informais.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Antes da audición, asegúrese de que queda claro o contexto e coméntelles aos seus alumnos e alumnas que van escoitar a gravación tres veces e que en cada unha delas se lles vai pedir algo diferente.

ANTES DE EMPEZAR

Presente a Anxo, un profesor de galego, e mostre a lista de persoas. Infórmeos de que Anxo fai unha festa e que esa é a súa lista de invitados.

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles que van escoitar unhas conversas breves que tiveron lugar na festa e que deben marcar na lista os nomes das persoas que están na festa. Despois da audición, permita que comparen os resultados en parellas. Se llo piden, poña a audición de novo; se non, faga unha corrección antes de pasar ao punto B.

Solución

<i>Paul</i>	<i>Lucille</i>
<i>Mencía</i>	<i>Xosé Antón</i>
<i>Angélica</i>	<i>Emilia</i>

B. Pídalles agora que escriban os nomes das seis persoas que están na festa no recadro deste punto e que traten de completalo coa información que teñen de cada unha delas. Poña de novo o CD e permítalles comparar as súas respostas en parellas antes de poñer a información en común.

Solución

Paul é inglés.
Mencía é da Coruña. É xornalista.
Angélica é colombiana. É amiga de Anxo.
Lucille é francesa. Vive en Galicia e estuda galego. É alumna de Anxo.
Xosé Antón é profesor de galego.
Emilia é brasileira. É estudante de galego.

C. Dígalles que teñen que imaxinar que eles tamén están na festa e que algunhas persoas falan con eles. Como responden cando lles falan? Explíquelles que van escoitar catro frases e que eles deben escribir a súa resposta no libro. De ser necesario, poña a gravación dúas veces.

8. QUE QUERES FACER NESTE CURSO?

Negociar que actividades queren facer durante o curso.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta tarefa final espérase, por un lado, que o estudante mobilice o aprendido na unidade e, por outro, que valore a utilidade das diferentes actividades. Para isto último, pode escoitar os argumentos dos compañeiros e descubrir así novas estratexias de aprendizaxe. Ademais, ao profesor ou profesora seralle moi útil coñecer os intereses, necesidades e crenzas dos seus estudantes para seleccionar o tipo de actividades complementarias que máis lles interesan.

ANTES DE EMPEZAR

Lea o título da actividade en voz alta. Presente a tarefa como algo que vostede necesita saber para, dentro do posible, poder programar o curso de acordo coas necesidades e intereses dos seus estudantes.

PROCEDEMENTOS

A. Invite os seus estudantes a ler as actividades suxeridas. Revise o vocabulario novo con eles e pídalles que, individualmente, sinalen as tres cousas que máis lles interesa facer. Recórdelles que non se trata dunha lista pechada; é dicir, que poden engadir algo que lles interesa facer na clase, pero que non aparece no libro.

B. Distribúa os estudantes en grupos de tres ou catro. Pídalles que lles expoñan aos compañeiros e compañeiras as tres cousas que elixiu cada un e que se poñan de acordo para elixir finalmente só tres cousas en total. Remítaos á mostra de lingua se lles queda algunha dúbida.

C. Cando cheguen a un acordo, pídalles que completen o texto que aparece no libro e que despois llo expoñan ao resto da clase. Tome nota das eleccións dos seus estudantes.



9. QUEN SABE MÁIS SOBRE GALICIA?

Pescudar que elementos da cultura galega son máis coñecidos. Falar sobre aspectos culturais dos seus países.

ANTES DE EMPEZAR

Pregúntelles aos seus estudantes se saben con que personaxes ou elementos da cultura galega se corresponden as imaxes que ilustran esta actividade (de arriba a abaixo e de esquerda a dereita: Milladoiro, Xosé

O galego e ti

Luis Méndez Ferrín, carnaval de Cobres (Vilaboa), marisco e a rapa das bestas). Se non o soubesen, acláreo vostede.

PROCEDEMENTOS

A. Forme grupos de tres ou catro persoas e anímeos a completar o cadro con máis nomes ou elementos que coñezan da cultura galega, agrupándoos por categorías. Déixelles o tempo necesario.

B. Na clase aberta, faga unha posta en común do que sabe cada grupo. Pode seguir o exemplo da mostra de lingua, de

maneira que cada grupo di de maneira desordenada o que apuntou e o resto de compañeiros e compañeiras din a que categoría corresponde.

C. Se os seus estudantes non son galegos, propóñalles agora que se pregunten entre eles a ver que saben sobre os seus respectivos países. Pode deixar que cada un lles faga preguntas aos compañeiros e compañeiras para comprobar o que saben ou ben escribir o nome do país no encerado e que digan todo o que se lles ocorra (despois, a persoa dese país ten que confirmar a información).